



Concello de Lousame
Departamento de Urbanismo

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15.214 Lousame (A Coruña)
981 82 04 94
CIF: P1504300C
<http://concellodelousame.gal/>
urbanismolousame@gmail.com

N.º EXPEDIENTE TEDEC: 2024/X998/000112

Alejandro Rodríguez Freire, arquitecto técnico municipal do Concello de Lousame, solicitado pola Alcaldía deste Concello para informar a documentación facilitada para a aprobación do inventario municipal, tendo en conta que a regulación vixente en materia de bens das entidades locais, recollida no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e segundo o artigo 17 do devandito regulamento, o inventario deberá ser aprobado polo Pleno da Corporación.

INFORMO:

En cumprimento das funcións asignadas a este Departamento de Urbanismo, procedeuse á revisión do Inventario Municipal de Bens Inmóbles e Camiños, documento que se atopa actualmente en proceso de aprobación inicial, ó que lle seguirá a exposición pública do mesmo.

Tras a análise realizada, constátase que o documento reflicte, en termos xerais, a realidade patrimonial do Concello, elaborado conforme á información dispoñible no momento da súa redacción. Porén, dada a natureza do proceso e a magnitude do conxunto de bens inventariados, é previsible que, no transcurso da fase de exposición pública, poidan identificarse elementos susceptibles de axuste ou actualización.

Por todo iso, remítese o presente informe para o seu coñecemento e debida consideración dentro do procedemento de aprobación do inventario, e para que así conste ós efectos oportunos e salvo mellor xuízo asino o presente informe en Lousame, na data da sinatura dixital.

Asdo: Alejandro Rodríguez Freire
Arquitecto técnico municipal do Concello de Lousame